

DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Asunto: resposta á comunicación de cambios no proxecto

Proxecto: parque eólico Monteagudo

Promotor: Eólicas Breogán, S.L.U.

Localización: concellos de Arteixo, Carballo e Laracha (A Coruña)

Clave: 2021/0043

S/Expte.: IN661A 2003/03

Antecedentes:

O 25.11.2022 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático formulou a declaración de impacto ambiental (DIA) relativa ao proxecto do parque eólico Monteagudo, que se fixo pública por anuncio do 23.01.2023 da antedita dirección xeral (DOG nº 16, do 24.01.2023).

O 16.03.2023 esa Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais remítenos un oficio indicando que o promotor fai entrega de nova documentación do expediente e que se detectaron na DIA algúns erros de transcripción. Achegan documentación presentada polo promotor consistente no documento denominado *Proxecto refundido parque eólico Monteagudo. Enero 2023*.

O 04.05.2023 esa dirección xeral remítenos un novo escrito indicando que o promotor fai entrega de documentación do expediente aos efectos de valorar e ratificar a validez da DIA ou, no seu caso, coñecer os trámites ambientais que sexa preciso realizar.

Polo exposto danos traslado da documentación presentada polo promotor o 16.02.2023, o documento titulado *Adenda de valoración ambiental de las modificaciones del parque eólico Monteagudo. Enero 2023*.

Consideracións legais e técnicas:

A Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, cita no seu artigo 41.2 que *a declaración de impacto ambiental terá a natureza de informe preceptivo e determinante, que concluirá sobre os efectos significativos do proxecto no medio ambiente e, no seu caso, establecerá as condicións nas que pode levarse a cabo para a axeitada protección dos factores numerados no artigo 35.1 c) durante a execución e a explotación e, no seu caso, o cese e desmantelamento ou demolición do proxecto, así como, no seu caso, as medidas preventivas, correctoras e compensatorias*.

Por outra banda, cómpre destacar que a propia DIA sinala que, consonte o disposto no artigo 52 da dita Lei 21/2013, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

As adecuacións ou adaptacións dun proxecto a requirimentos xurdidos con posterioridade á emisión da DIA poderán ser obxecto dunha nova avaliación de impacto ambiental, sexa ordinaria ou simplificada de acordo cos supostos recollidos no artigo 7 da antedita lei.

Así mesmo, o artigo 44 recolle as circunstancias nas que procede modificar as condicións da DIA xa emitida.

Polo tanto, esta comunicación emítese, sen prexuízo doutras, baixo as premisas anteriormente indicadas.




Descrición das modificacións

Logo de revisada a documentación remitida polo promotor, as características principais do proxecto definitivo son as seguintes:

- Número de aerogeradores: 4
- Modelo previsto: Nordex N149 IECS
- Potencia nominal unitaria: 2x5,9 MW e 2x4,5 MW
- Potencia total instalada: 20,8 MW
- Altura de buxa: 2x125 m e 2x125,4 m
- Diámetro de rotor: 149,1 m
- Orzamento (execución material): 19.063.274,64 euros

Ademais, elimínase a plataforma de aprovisionamento de palas do aerogerador A1.1 e modifícase o trazado do viero de acceso a esa máquina.

Inclúese a continuación un plano do parque eólico coa configuración definitiva:



Resposta

Á vista do indicado por ese órgano substantivo, cabe sinalar que, a avaliación ambiental ordinaria finaliza coa formulación da DIA polo órgano ambiental, de acordo co artigo 41.1 da Lei 21/2013. A DIA foi notificada e publicada no Diario Oficial de Galicia, tal e como contempla a lexislación aplicable, sendo plenamente vixente ata o fin do proxecto ou desmantelamento, salvo que perda a súa vixencia de acordo co artigo 43 da antedita lei e nos supostos indicados nas consideracións legais e técnicas, feitos que deduciranse e motivaranse polo órgano substantivo ou polos informes que previamente sexan requiridos por ese órgano substantivo aos organismos competentes.

Segundo o exposto anteriormente, será necesario que as adaptacións, adecuacións ou modificacións que se pretendan introducir no proxecto teñan en conta a avaliación de impacto



ambiental efectuada e se adecúen ao establecido na DIA e, de ser necesario, será ese órgano substantivo (responsable do seguimento e vixilancia ambiental) o encargado de solicitar os informes necesarios dos organismos sectoriais competentes para garantir o seu cumprimento. Se como resultado destes informes se deducise unha posible afección ambiental significativa estarase ao disposto na condición 4.3.2 da DIA.

Respecto dos erros detectados debe sinalarse que no apartado *1.2 Antecedentes* da DIA se recollen os datos do proxecto sometido a información pública e as variacións do proxecto ata o momento da emisión da DIA.

Non existen erros que sexa necesario corrixir ao reflectirse os datos dispoñibles no momento da emisión da DIA.

O que lle comunico para os efectos oportunos e sen prexuízo das autorizacións, licenzas, permisos ou informes que sexan necesarios por parte doutros organismos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 705
dxcalidadeambiental.cmot@xunta.gal
www.xunta.gal

